



VENRES 13 DE MAIO ÁS 20:30 H

TEATRO CONTEMPORÁNEO, PÚBLICO FAMILIAR-INFANTIL A PARTIR DE 8 ANOS

CASA DA CULTURA "RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ"

Organiza: Concellería de Cultura do Concello de Boiro e AGADIC

DATOS DA COMPAÑÍA Matrioshka

Matrioshka nace coa intención de crear pezas contemporáneas, valentes, fermosas, imaxinativas, poéticas, lúdicas e directas, pretendendo atraer tanto ao público experimentado como ao que entra nun teatro por primeira vez.

A esta aventura, arriscada e necesaria, ademais das impulsoras da compañía Lorena Conde, Chelo do Rejo e Anabell Gago, fóronse sumando con entusiasmo persoas talentosas e inqedas da altura de Marta Pazos, Uxía P. Vaello, Javier Quintana, Inés Salvado, Cloti Vaello, Trini F. Silva ou Emilio Carral; completando así un equipo desexoso de dar á escena pezas que atrapen, sorprendan e emocionen ao público.

- **Teatro / Contemporáneo Duración 50 min Público familiar- Infantil a partir de 8 anos**



UN ESPECTÁCULO SOBRE AS EMOCIÓN DESTINADA AO PÚBLICO FAMILIAR E XUVENIL.

- *En Manawee, as Matrioshkas Anabell Gago, Lorena Conde e Chelo do Rejo, escríbense unha carta a si mesmas. Unha nota aclaratoria sobre o que xa pasou e non se decataron. Unha explicación sobre aquelas furias, euforias, amores, paixóns e pánicos que pasaban como tornados nos anos da súa infancia. Esa carta que tod@ nen@ recibirá de si memo no futuro. Manawee é un espectáculo para aqueles nen@s que vislumbran grandes cambios.*
- "Manawee" é un espectáculo para tódolos públicos, pero que se enfoca principalmente nas novas emocións que xorden na última etapa da infancia. Ao ver Manawee nenos e adultos emociónanse, rin e decátanse de que esas cousas que sempre creron que só lles pasaba a eles/as, son compartidas.
- Unha peza de **teatro contemporáneo** cheo de humor e poesía cunha estética impactante e inhabitual en espectáculos dirixidos para público familiar: O misterio do teatro cos seus escondites á vista, as tripas do escenario visibles para o público, o espazo do teatro como o interior de cada un de nós irase desvelando.
- O espectáculo mostra eses momentos da infancia no que as cousas están a piques de cambiar para sempre. Manawee podería ser o nome dalgunha desas novas emocións descoñecidas que xorden por primeira vez nesa etapa de cambio: Estado de desconcerto, temor e excitación que se dá por primeira vez na vida de toda persoa entre os 8 e os 13 anos.
- Un espectáculo que pretende ser unha guía para desenvolver a intelixencia emocional dende a infancia, e que ademais tamén vai dirixida aos adultos acompañantes, de xeito que o espectáculo poida ser unha ferramenta útil para establecer esta comunicación cos nenos que inician o seu cambio cara a madurez.